

# Plan galego de formación do profesorado

Xose G. Barral Sánchez

Responsable de Formación da Federación do Ensino de CC.OO. Vigo

## 1. Resumen do plan galego de formación do profesorado

**1. O Plan pretende dar resposta** ás necesidades que se derivan da implantación de Reforma Educativa no referente á formación continuada do profesorado así como ás carencias de formación actualmente existentes. Dito Plan será a referencia para as vindeiras actuacións, planificadas ó longo de seis anos (1990-1995), e que se irán plasmando nos diferentes plans anuais de formación, do seu financiamento correspondente.

**2. As características** do novo modelo de formación son as seguintes:

- Formación descentralizada que favoreza a participación, a través basicamente dos CEFOCOPS.
- Formación baseada na diversidade de ámbitos educativos e na flexibilidade das modalidades formativas (Universidade, asociacións profesionais, MRPs, empresas...).
- Formación continuada favorecedora da experimentación curricular.
- Formación centrada na escola, debido á necesidade de adapta-lo currículo a cada centro escolar.

### 3. Estructuras de formación.

Os CEFOCOPS (Centros de Formación Continuada do Profesorado) son as estruturas que a Administración pon ó servizo da formación permanente. Estes levarán unha tarefa de planificación anual das actividades no se ámbito territorial, en función das prioridades formativas deseñadas pola Consellería de Educación e as necesidades sentidas nos centros educativos. Así mesmo realizarán actividades no campo da innovación, investigación e experimentación educativas; facilitarán un servizo de documentación, difusión e elaboración de material didáctico e pedagóxico e acollerán e darán soporte material ás actividades dos colectivos de profesores que traballan na renovación pedagóxica.

En canto á composición do CEFOCOP existirá un director, asistido por un Consello Directivo e por un equipo de Asesoramento Técnico Pedagóxico. O director será nomeado pola Consellería de Educación por un período de tres anos, renovable, se é o caso, por outros tres e seleccionado previamente por concurso público de méritos entre o persoal docente non universitario. O Consello Directivo será presidido polo director e integrado pola representación do equipo de Asesoramento Técnico-Pedagóxico; profesores elixidos polos profesionais do ensino adscritos ó CEFOCOP; representación dos equipos psicopedagóxicos e departamentos de orientación; un profesor dos centros de recursos educativos e representación da Administración Educativa. O equipo de Asesoramento Técnico-Pedagóxico estará composto por profesores en réxime de dedicación total ou

parcial, seleccionados mediante concurso público de méritos e nomeados pola Consellería de Educación por un período de tres anos, renovándose por terceiras partes cada ano.

O número de CEFOCOPs será de 15 para o ano 1995, dos que 10 entrarán en funcionamento no bienio 1989-90 e os outros 5 no prazo ata 1995. Así mesmo, crearanse 6 extensións dos devanditos centros.

**4. Os obxectivos** do Plan son mellora-la competencia profesional do profesorado e ofrecer-lo marco referencia) do perfeccionamento. Os obxectivos específicos refírense ó profesorado, á Administración Educativa e ó currículo, salientando a posibilidade de coñecer-los avances no campo de educación con fin de mellora-la súa práctica docente.

#### **5. Campos de formación e categorización dos proxectos.**

Divídense en dous bloques: proxectos dirixidos á formación, actualización e perfeccionamento do profesorado en exercicio e proxectos que inciden e apoian a formación permanente do profesorado.

5.1. Proxecto de formación e perfeccionamento do profesorado no seu propio centro. Poderanse presentar proxectos de formación dun centro ou grupos de profesores de dous ou máis centros. Terán unha duración dun curso académico, prorrogable noutro máis. O número de proxectos que se poderán acoller ata 1995 é de 768.

5.2. Proxecto de formación para equipos directivos de centros docentes. Realizaranse mediante cursos teóricoprácticos no mes de xullo dos anos 1990, 1992 e 1995. O número de cursos previstos é de 144 para 5.136 destinatarios.

5.3. Proxecto de formación e especialización en lingua galega para profesores do ensino básico e medio. Artéllase no establecemento dos niveis de Iniciación, Perfeccionamento e Especialización en lingua e literatura galega, así como na capacitación lingüística para impartir outras áreas curriculares.

5.4. Proxecto de formación para o profesorado de ensinanzas técnico-profesionais. Pretende respostar ás novas funcións e tarefas asignadas a estas ensinanzas no novo ordenamento do sistema educativo: tecnoloxía a impartir na Educación Secundaria Obrigatoria, disciplinas da Formación Profesional de base nos Bacharelatos e Formación Profesional específica, artellada en módulos profesionais. Contempla unha ampla variedade de modalidades formativas, cun presuposto de 668 millóns de pesetas.

5.5. Proxecto de especialización para profesores de EXB. Aspira a cubrir-la ausencia de especialistas nos centros, formar especialistas naquelas áreas do currículo nas que ata agora non-había e a cualificación a aqueles profesores de EXB que, impartindo un área, non teñen a especialidade. Contempla as seguintes especializacións: Educación Físico-Deportiva (25 cursos para 1.055 profesores), Educación Especial (300 profesores), Educación Musical (1.157 profesores) e Perturbacións de Audición e Linguaxe (300 profesores).

5.6. Proxecto de cursos, seminarios, encontros e xornadas de actualización por niveis, áreas e disciplinas para facilita-la concreción curricular. Constitúen o corpo central cara á Reforma Educativa na Educación Xeral Básica. As accións formativas pretenden chegar alomenos ó 50 por 100 do profesorado. Os ámbitos de actuación serán a Educación Primaria, Matemáticas, Ciencias Sociais, Lingua Española, Ciencias Experimentais e Educación Artística. Non concreta a duración nin o tempo adicado.

5.7. Proxecto de actualización de profesores de EXB e EE.MM. para imparti-la etapa 12-16 anos. As previsións de participación son de 2.430 profesores en 60 cursos.

5.8. Proxecto de formación en Educación Infantil. Dirixido ó profesorado que está a traballar na experimentación de Reforma, ó que vai trallar con nenos de 3 anos, ó persoal de atención directa de garderías e ó profesorado que inicia o seu traballo na educación infantil.

5.9. Proxecto de promoción profesional e académica do profesorado. Fai referencia ás licencias por estudio (1.051), becas de investigación (178) e axudas individuais (1.727).

Tamén se contemplan outro tipo de proxectos: profesores de lingua estranxeira; profesores de escolas rurais e educación compensatoria; educación permanente de adultos; proxecto IT-INSET; accións formati sobre temas de actualidade; novas tecnoloxías; experimentación e investigación educativa; formación para directores e asesores de CEFOCOPs; creación da rede de formación permanente; perfeccionamento dos membros dos equipos psicopedagóxicos, gabinetes e departamentos de orientación.

## **6. Cuantificación do Plan.**

- Gastos de persoal: plantilla dos 15 CEFOCOPs (15 directores. 168 asesores e 20 persoal non docente); profesorado que sustitúe ós que asisten ás actividades con liberación total de docencia (1.141 profesores) a licencias por estudio (1.051 profesores). O presuposto para este capítulo ascende a 7.636 millóns de pesetas.

- Gastos en bens correntes e servicios: 4.988 millóns de Ptas.

O total dos dous capítulos ascende a 12.624 millóns de Ptas.

## **2. Comparación convenio de febreiro – Plan galego de formación**

### **1. Centros de Formación do profesorado.**

- Convenio.- Creación de 5 centros no ano 1989, cun incremento do 100 por 100 no ano 1990. Destinaranse un promedio de 5 millóns por centro para mobiliario e equipamento didáctico; con 12,5 millóns de Ptas. para gastos de funcionamento a repartir entre os 5 centros.

- Plan.- 15 centros para o ano 1995, dos que 10 entrarán en funcionamento no bienio 1989-90, incrementándose nun 50 por 100 para o curso seguinte.

### **2. Licencias por estudio.**

- Convenio.- Convocar, alomenos, 80 licencias por estudio (50 para EXB e 30 para EE.MM.) no curso 1989-90, incrementándose nun 50 por 100 para o curso seguinte.

- Plan.- Partindo no número de 80 no ano 1990, no seguinte incrementaranse nun 50 por 100 e logo, para os anos seguintes, un incremento do 15 por 100.

### **3. Proxectos de formación nos centros educativos.**

- Convenio.- Seleccionaranse como mínimo 30 proxectos, incrementándose nun 100 por 100 o curso seguinte, en función dos resultados acadados.

- Plan.- 60 proxectos para o curso 1990, cun incremento anual do 30 por 100.

### **4. Formación Profesional.**

- Convenio.- Especializar a 20 profesores ó longo do curso 1989-90, incrementándose nun 100 por 100 o curso 1990-91.

- Plan.- Planificación ambiciosa, conta cun presuposto de 668 millóns de pesetas, sen cuantifica-lo seu alcance.

### **5. Cursos de especialización en EXB.**

- Convenio.- Convocar cursos de especialización en Lingua Galega, Educación Física e Audición e Linguaxe.
- Plan.- Engádese a Educación Musical.

### **6. Actividades desenvolvidas por MRPs e grupos de profesores.**

- Convenio.- A cantidade resultante deste ano incrementarase nun 50 por 100 con fondos propios da Comunidade Autónoma no ano 1990.
- Plan.- Non se especifica financiamento a MRPs.

### **7. Participación do profesorado.**

- Convenio.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria artellará as medidas oportunas ó obxecto de garantir que estas actividades non supoñan coste económico para o profesorado e se desenvolvan en xornada laboral.
- Plan.- A formación en servicio levarase a cabo, preferentemente, dentro do horario laboral, e dentro do lectivo cando a organización do centro o permita.

## **3. Valoración do plan galego de formación continuada do profesorado**

1. As previsións presupostarias, de manterse, supoñen unha partida considerable. Hai que suliñar que a Consellería de Educación fixo dúas propostas en canto a financiamento. Da primeira proposta á segunda rexistrouse un aumento de 5.000 millóns de pesetas, o que supuxo un incremento do 100 por 100 no capítulo referente a bens correntes e servizos.

Donde a Federación do Ensino de CC.OO. mantemos que á formación permanente se debe adicar unha porcentaxe equivalente ó 5 por 100 do total da nómina do profesorado galego, o que supoñería uns 2.650 millóns anuais e un total a seis anos de 15.900 millóns de pesetas. Consideramos que a partida actual da Administración se aproxima a este 5 por 100 que defendemos.

2. A existencia do Plan valorámola positivamente, polo que supón de planificación a seis anos vista dun aspecto tan importante como é o perfeccionamento do profesorado en exercicio. Non obstante, foi presentado tarde -no Acordo de febreiro do 89 recollíase a súa presentación entre marzo e abril- e adolece dun gran eclecticismo e dunha permanente inconexión. O Plan non parte da situación actual, das necesidades formativas do profesorado, das novas demandas formuladas na futura Reforma

Educativa. Como exemplo, o proxecto de actualización de profesores de EXB e EE.MM. para impartir-la etapa 12-16 anos pretende implicar ó longo dos seis anos do programa a 2.430 profesores en 60 cursos. Este número de profesores representa unha porcentaxe moi cativa do total que se vai ver implicado na Secundaria Obrigatoria.

Non hai un compromiso de perfeccionar ó 100 por 100 da plantilla en función das novas esixencias curriculares e as modificacións estruturais derivadas da inminente Reforma Educativa.

Botamos de menos unha referencia ás actuais redes de formación que a propia Administración ten en funcionamento, así como a súa futura implicación no novo deseño da formación permanente. Esta falta de clarificación tememos que leve implícita a lexitimación dos actuais equipos de formadores de formadores, equipo da Reforma..., tan cuestionados no seu momento polo sistema de selección realizado pola Administración Educativa.

Estes datos revelan a ausencia dunha análise previa, dun diagnóstico da formación do profesorado, nos que se puidesen delimitar as necesidades dos profesionais, as prioridades a establecer e as estruturas e medios adicados a tal fin. Se ben a declaración de obxetivos xerais do Plan e as características do modelo de formación poden ser aceptables, non se plasman na vertebración posterior do Plan.

3. A concepción do CEFOCOP como estrutura básica de formación aceptámola de entrada, pero este non poderá facer fronte ás demandas que selle formulan. En primeiro lugar, polo número de centros a crear, insuficiente para abranguer con garantías o territorio da Comunidade Autónoma, e co perigo de se converter en oficinas expendedoras de títulos. Hai que lembra-lo retraso co que partimos, cando no territorio xestionado directamente polo MEC levan dende o ano 84 en funcionamento.

Non se observa unha tipificación dos CEFOCOPs en función da súa zona xeográfica de influencia e do número de profesores adscritos ó mesmo. O artellamento interno do centro, a súa composición e directrices constitúen o modelo máis regresivo de tódolos existentes no Estado: director nomeado pola Consellería de Educación; representación directa dos profesores no Consello Directivo inferior ós representantes do equipo de asesores, centros de recursos; limitacións para poder acceder ós postos de representación directa do profesorado; pouca posibilidade de incidencia das iniciativas de base dos profesores.

4. A falta de coordinación do Plan de formación continuada coa Universidade supón tamén a renuncia da Administración á modificación da formación inicial do profesorado, significando un atranco cara á consecución dunha titulación superior do futuro profesional do ensino.

5. Agás o proxecto de formación para o profesorado de ensinanzas técnico-profesionais, os proxectos de formación caracterízanse pola ausencia dunha análise da situación de partida. O alcance dos proxectos de formación no propio centro é insuficiente, así como as medidas tendentes a facilita-la concreción dos novos currículos. Pretenden chegar como mínimo ó 50 por 100 do profesorado, non falan da duración nin do tempo previsto para a súa realización nin do calendario de implantación do novo currículo. Outros proxectos (escola rural, educación compensatoria, temas de actualidades, novas tecnoloxías) son unha declaración de intencións, sen cuantificación nin alcance para os vindeiros seis anos.

6. Bótase en falta un deseño do «perfil» da formación permanente para un profesor ó longo da súa vida profesional: períodos de reciclaxe, de actualización, de formación na escola.

7. Non se recollen partidas presupostarias específicas para Novementos de Renovación Pedagóxica.

#### **4. Propostas da Federación do Ensino de CC.OO.**

As propostas da Federación do Ensino de CC.OO. xurden da filosofía manifestada na nosa alternativa á Reforma Educativa aprobada en outubro de 1988 e plasmáronse nun primeiro momento na «Contraproposta sobre formación do profesorado», documento

presentado en xaneiro de 1989 nas negociacións coa Consellería de Educación. As Tiñas fundamentais son as seguintes:

- A formación do profesorado debe entenderse como un dereito e como un deber do profesorado e do sistema educativo. Un plan a seis anos debe de garantir que a formación permanente se sitúe definitivamente na vida profesional dos ensinantes como unha actividade máis. As actuacións que contempla o Plan deberán ser programadas en tempo lectivo.
- A perspectiva dunha reforma global do sistema educativo debe a proveitarse para camiñar cara ó corpo único de ensinantes.
- A implantación dun novo currículo debe facerse dun xeito activo e participativo, se queremos evitar que as editoriais de libros de texto o impoñan ou fique como letra morta nos documentos oficiais.
- Un dos obxectivos do Plan de formación debe marcar un período de reciclaxe de toda a plantilla docente. Estes ciclos non superarán os dez anos, o que significa que a programación de actividades de reciclaxe debe afectar a máis do 10 por 100 da plantilla, cada ano a curso completo ou os seus correspondentes equivalentes.
- A organización dunha formación permanente centrada na escola implica necesariamente o principio de descentralización. E necesario aumenta-la autonomía dos CEFOCOPs.

**As propostas que realizamos concréntanse en:**

1. Aumento da formación de especialistas no Ensino Básico e creación de novas especialidades (Educación Musical, Plástica).

2. Creación inmediata dos 10 CEFOCOPs xa contemplados no Convenio de febreiro, ata chegar a 40 en función das comarcas ou distritos escolares que se establezan en Galicia. Haberá que camiñar cara á conversión total dos actuais Centros de Recursos en CEFOCOPs, mantendo tamén a súa funcionalidade de Centro de Recursos. Cobertura das plantillas destes centros, tanto de persoal docente como de administración e servicios.

Tipificación dos Centros en función do número de profesores da comarca, que a título indicativo poderla ser:

- Tipo A (ata 600 prof.): 10 asesores, máis director.
- Tipo B (601-1.500 prof.): 11 asesores, máis director.
- Tipo C (1.501-3.000 prof.): 13 asesores, máis director.

O presuposto mínimo dun CEFOCOP establécese en 10 millóns de pesetas, excluídos gastos de persoal para o Tipo A. O presuposto para os tipos B e C será de 15 e 20 millóns respectivamente.

Garanti-lo carácter democrático dos CEFOCOPs, dándolle ó nomeamento do director carácter electivo e reaxustando a representación directa dos profesores.

3. Concesión de 120 licencias por estudio no curso 1990-91, tal como recolle o Convenio de febreiro, cun incremento de 60 no curso 91-92 ata chegar a 240 anuais nos cursos seguintes. Poderase prorrogar durante un ano a licencia de forma parcial mediante a redución do 40 por 100 do horario lectivo e laboral.

4. Establecemento dun «perfil» da formación dun profesor ó longo da súa vida profesional:

- O primeiro ano de exercicio, tra-lo acceso, considérase de adaptación e o profesor realizará diversas actividades de formación contando cunha redución do 25 por 100 do horario lectivo.
- Entre o 4º e 5º ano de exercicio, todo o profesorado realizará actividades de formación centrada na escola, que normalmente se extenderán ó longo de 8 a 12 semanas, tendo as necesarias reducións no horario lectivo.
- Aproximadamente ós 10 anos de exercicio, todo o profesorado participará nun curso de actualización científica e didáctica, con dedicación total de tempo, cunha duración non inferior a 6 meses.
- Estas dúas últimas medidas repetiránse cada 10 anos para o conxunto do profesorado.

5. Para o acceso á licenciatura artellarase o establecemento de convenios entre a Consellería de Educación e as Universidades, de xeito tal que se ofrezan ós profesores formas específicas de acceso ás titulacións, axeitando os horarios do centro escolar e a Universidade.

6. Elaboración dun programa de implantación do novo plan de estudos. Este programa debe incluí-los seguintes puntos:

- Formación de asesores capaces de orientar e dirixir a elaboración de proxectos curriculares.
- Realización dun curso que afectará á totalidade do profesorado, coas seguintes características: Fundamentos psicopedagóxicos e epistemolóxicos do currículo.
- Elaboración, aplicación na clase e análise de proxectos curriculares.

7. Todas as actividades da formación realizaranse de xeito tal que non supoñan unha carga para o profesorado, polo que se utilizará o horario laboral e lectivo e abonaranse as dietas precisas cando impliquen desprazamento. A realización de actividades de formación no horario laboral non lectivo só pode entenderse no marco da redución xeralizada do horario lectivo.

8. O carácter da maioría dos cursos será eminentemente práctico e centrado na crítica da propia actividade docente. A relación de asesores de formación permanente debe ter como base a elaboración e posta en práctica de proxectos curriculares por parte dos candidatos. A selección debe incluí-la avaliación do desenvolvemento de proxecto curricular na propia aula do candidato.

9. Incardinación no Plan de perfeccionamento do Plan de Normalización Lingüística, que deberá ter un tratamento específico.

10. Incremento das partidas presupostarias para MRPs.

11. Participación sindical nos plans anuais de perfeccionamento e na comisión de coordinación dos CEFOCOPs.